

1. Comecei a ler este libro no meu cuarto e, rapidamente, me enganchoi, xa non podía parar de lelo. Aínda que está escrito en galego antigo, é moi fácil de entender e, os capítulos, ao ser breves, fan que a lectura sexa rápida e amena. Chamoume a atención palabras coma "chocolate" que, á vez, me resultaron graciosas. A historia está moi ben contada, combinando, por capítulos, a vida de Pedro e de Rañolas. Pareceume entrañábel a forma que tiña a tía Ádega de coidar ao seu sobriño Pedro, a verdade é que o consentía moito e, este era moi larpeiro. Isto, demostra que a educación é primordial para o día de mañá, xa que Pedro fracasou bastante na vida. Cando casou era un xanciño, estaba baixo unha especie de "ditadura" por parte da súa sogra. Ademais, da súa viaxe a Arxentina non quitou nada de proveito, pero gustoume que o realizase porque demostra que non todas as persoas que viaxaron a este país, coma a outros, se fixeron alí ricos e triunfaron e, que ademais, véxome reflectida porque o meu avó materno, antes de casar e de coñecer a miña avoa, viaxou a este país, claro que non lle foi tan mal, e calquera domingo ou día de festa, aproveitaba para contarnos as súas anécdotas. Menos mal, que cando voltou, pasado un tempo, Pedro colleu o touro polos cornos, e púxolle as cousas claras a súa sogra, aínda que acoitelándoa non me parece a forma máis correcta, este acto tivo os seus beneficios, e, a sogra comezou a respectalo e a, mesmo, tratalo coma un fillo. Pola súa parte, Rañolas é un rapaz que de pequeno non ten o cariño da súa familia; por un aparte, é admirábel como, cando a súa nai morre, comezan unha nova vida, búscase un futuro. Gustoume moito que fose a Lourdes, porque eu estiven alí fixo dous veráns, e vese que o negocio é o mesmo, aínda que agora está moito máis industrializado, cambiou moito de como era antes. Tamén me encantou que volveuse á súa aldea, xa que nótase a morriña que sentiron, coma Rañolas, tantos e tantos galegos ao estar lonxe da súa terra e da súas familias, lonxe das súas raíces. Pero, sen dúbida, o que máis me gustou foi a amizade entre Pedro e Rañolas, que a pesar da súa distancia e do paso do tempo, seguiron sendo amigos. Porque un amigo de verdade é coma un tesouro. En definitiva, a historia está perfectamente ambientada na época, está contada dunha forma moi entrañábel e, eu, persoalmente, recomendo a súa lectura porque descubriredes a vida dos nosos ancestros. **(Paloma)**

2. Ao comezar a ler o libro pareceume que a lectura non me ía resultar moi sinxela. Os primeiros capítulos non remataban de introducirme na historia e non me facían agradable a lectura. Outro obstáculo foi o complicado vocabulario no que está escrita esta novela, pois na época en que se redactou non existía un galego normativo e moitas das palabras que Castelao emprega non aparecen hoxe nos dicionarios. Pasados uns cantos días de lectura, o libro comezou a gustarme e o relato enganchoume e non supuxo moito problema deducir o significado dalgúns termos. Pareceume moi interesante a forma de narrar que ten o autor, separando as vidas de ambos os dous protagonistas. Ao estar dividido en pequenos capítulos, é máis doado administrar a lectura. Castelao reflecte fielmente no libro a sociedade galega de comezos do século XX. Por exemplo ten lugar para personificar a figura do cacique en Don Andrés. Tamén relata como tiveron que emigrar moitos galegos para poder atopar unha vida mellor lonxe do seu fogar nun mundo totalmente distinto, no cal non é todo riqueza e boa vida. Para isto temos dous exemplos, o de Pedro que viaxa en busca do seu primo Manoel para gaña-la vida nas pampas arxentinas e tamén o de Rañolas nas súas aventuras en Francia, acompañado ás veces por un afiador ourensán. Pareceume moi curioso o feito de que ese mesmo protagonista, ao regresar á súa vila, corte as pernas e poña dúas próteses que mercara á viúva dun mutilado francés. Tamén me gustou como Pedro acaba plantándolle cara á súa sogra e consegue, aínda que non da maneira máis axeitada, impoñe-la súa autoridade no fogar, farto xa da señora Filomena. Logo de depender ao longo de toda a súa vida xente, primeiro da tía Adega que lle mantén e lle atopa traballos, logo da mandona da súa sogra e tamén do seu primo Manoel que o protexe nas américas. Á súa vez é interesante como Rañolas, repentinamente afecciónase ao

arranxo de reloxos e como lendo un par de libros se empapa de ideas anarquistas que fican con el ata ... O libro pareceume interesante e convida a adentrarse nas dificultades da Galicia dos nosos avós e bisavós. Nela apréciase a nostalxia que sente Castelao ao escribila no exilio lonxe da súa terra. **(Javier)**

---

3. *Os dous de sempre* paréceme un libro non moi sinxelo de ler e sinceramente non me entretivo nadiña. Ao principio non se entende quen é cada un (refírome a Pedro e Rañolas) nin a súa descrición física debido ao vocabulario empregado (para os escépticos que crean que é fácil a lectura que o digan...) e dese xeito se é incapaz de facer un retrato mental dos personaxes, que aínda que non o pareza axúdame moito á comprensión. Uns cantos episodios adiante (logo de situarse xeograficamente) calquera persoa con polo menos dous dedos de fronte deuse conta que Pedro e Rañolas son o ying e o yang, un é un emprendedor e un buscavidas no bo sentido da palabra (Rañolas) e outro é un conformista e un vago redomado. Polo primeiro cuarto de libro eu polo menos non me decatei de nada, xa que os acontecementos da historia pasan moi rápido, por exemplo a morte da nai de Rañolas e seguido a viaxe que emprende cun burro. O que non entendo como é que nun capítulo Rañolas pasa de estar encima do burro a xogar cuns amigos un tanto rariños ao pedra papel tesoira ou algo parecido. Logo disto séguese coa vida de Pedro na que tantos traballos perde, que ao final do libro xa non sabes en que traballou, traballa e traballará. O único momento de tensión ou mellor dito de interese para min foi cando Rañolas córtase as pernas, pero todo chafouse cando no canto de morrer desangrado, que é o lóxico, vai e ponlle unhas próteses, que neses tempos co "avanzada" que debía de estar o medicamento debeu pillar mínimo 3 ou 4 infeccións. Pena que non morrese así cobraría máis interese a obra. En definitiva, paréceme un mal intento de ensinarnos como era Galicia naqueles tempos, ao ser, e reitero, para min un gran envurullo o escribir dúas historias paralelas para que "non nos perderamos". Non poño en dúbida o talento que tivo Castelao pero a min non me convence. **(Juan)**

4. Eu empecei a ler o libro e rapidamente engancheime. Aínda que está en galego antigo foi doado de entender. A min o libro gustoume moito, aínda que hai apartados tristes, por exemplo cando morre o burro de Rañolas :( O que menos me gustou foi a actitude do abade con Pedriño nas súas clases de latín e cando quere matar a sogra cun coitelo de postre. A forma na que se relata o libro gustoume tamén, porque vai combinando as historias de Pedriño e Rañoñas e non o di todo seguido. Aínda que son dúas persoas moi diferentes, cunha vida tamén diferente, sorprendeume a súa amizade entre eles. Se lle teño que por unha nota ao libro póñoille un 8 **(Rebeca)**

---

5. *Os dous de sempre* é un libro interesante e gustoume bastante aínda que non me foi doado empezalo xa que ten un vocabulario algo complicado e o único que o fai máis ameno son os seus curtos capítulos. Este libro reflexa a vida na Galicia de hai uns oitenta anos no que manter a unha familia e ter un bo traballo é algo moi difícil por non dicir imposible e polo que moitos galegos emigraron cara América, Francia ou mesmo cara Castela buscando un traballo e unha vida mellor. Pedro é un claro exemplo de galego que tivo que emigrar cara Arxentina para buscar traballo e poder mandarlle cartos a súa familia. Por outro lado Rañolas sofre a perda da súa nai e ten que buscarse a vida el só e tamén acaba emigrando pero cara Francia coa compañía dun afiadador de Ourense. A parte que menos me gustou foi a da morte de Rañolas. **(Sergio)**

6. Non me gustou moito este libro polo vocabulario tan rebuscado e difícil de comprender, aínda que o contido reflicta unha realidade do que aconteceu na Galiza en tempos pasados. Os seus protagonistas, Pedro e Rañolas, móstrannos dous estilos de vida completamente distintos propios da época. A Pedro déronlle unha vida privilexiada dende a súa infancia ata que casou. Por outra banda a vida de Rañolas foi todo o contrario tendo que emigrar a unha corta idade buscando mellor vida cá que lle ofrecía Galiza. Catelao que sufriu o exilio, reflicte neste libro as súas vivencias.

**(Álvaro)**

---